

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 18 DE AGOSTO DE 2020

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día dezaioito de agosto de dous mil vinte, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo do ano que andamos: don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asiste e presenta escusa dona Lúa Sanguñedo Álvarez.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; e dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica María Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 11 de agosto de 2020

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 11 de agosto de 2020 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos catro membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros e don Diego Alcantarilla Rei) aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Orde do 7 de agosto de 2020, da Consellería de Sanidade, pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos da Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo, Oleiros, Abegondo, Bergondo, Carral e Sada. (Diario Oficial de Galicia número 158-Bis, do 7 de agosto de 2020).

- Orde do 4 de agosto de 2020 pola que se modifica a Orde do 26 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria para o ano 2020 das axudas para estudos e investimentos vinculados á conservación, recuperación e rehabilitación do patrimonio natural e cultural e á sensibilización ecolóxica na Rede de reservas da biosfera de Galicia, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020 (código de procedemento MT724A).(Diario Oficial de Galicia número 160, do 11 de agosto de 2020).

- Resolución do 10 de agosto de 2020, da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira, pola que se establecen as condicións financeiras aplicables ás operacións de préstamo entre a Administración Xeral do Estado e as Entidades Locais, segundo os termos previstos no Real decreto-lei 27/2020, do 4 de agosto, de

medidas financeiras, de carácter extraordinario e urxente, aplicables ás entidades locais. (Boletín Oficial do Estado número 216, do 11 de agosto de 2020).

- Orde do 12 de agosto de 2020, da Consellería de Sanidade, sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos da Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo, Oleiros, Abegondo, Bergondo, Carral e Sada. (Diario Oficial de Galicia número 161-Bis, do 12 de agosto de 2020).

- Orde do 12 de agosto de 2020, da Consellería de Sanidade, sobre modificación de determinadas medidas previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. (Diario Oficial de Galicia número 161-Bis, do 12 de agosto de 2020).

- Resolución do 3 de agosto de 2020, da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, pola que se fan públicas as axudas concedidas ao abeiro da Orde do 20 de febreiro de 2020 (Diario Oficial de Galicia número 43, do 4 de marzo) pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións ás agrupacións de persoal voluntario de protección civil de concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos. (Diario Oficial de Galicia número 162, do 13 de agosto de 2020).

3º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 7 ao 12 de agosto do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 1110/2020 e remata coa resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras número 1150/2020, segundo se relacionan a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1110/2020	07-08-2020	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 20.736,35 euros
1111/2020	07-08-2020	Corrección de erros da resolución nº 933/2020 do concelleiro delegado da area de Urbanismo e Obras. Expediente 2020/v001/53
1112/2020	07-08-2020	Solicitud acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en Fabás, Pravio. Propiedade: MISB
1113/2020	07-08-2020	Solicitud acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita nos Campóns, Sigrás. Propiedade: ASG
1114/2020	07-08-2020	Solicitud acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en Volteiro, Cecebre. Propiedade: Herdeiros de DMF
1115/2020	07-08-2020	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 11 de agosto de 2020
1116/2020	07-08-2020	Licenza de primeira ocupación de vivenda unifamiliar no lugar da Xira, parroquia de Sigrás promovida por JMAQ
1117/2020	07-08-2020	Solicitud acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en Volteiro, Cecebre. Propiedade: ABB e BBB
1118/2020	07-08-2020	Solicitud acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		Volteiro, Cecebre. Propiedade: Herdeiros de MVM
1119/2020	07-08-2020	Solicitud de adhesión ao programa Son de Bares do Concello de Cambre os días 9 e 16 de agosto de 2020
1120/2020	07-08-2020	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 72.225,89 euros
1121/2020	07-08-2020	Denegar a licenza para a ocupación da zona de estacionamento de vehículos situada fronte ao mesón o pozo mediante a instalación dunha terraza na rúa Abeleira, parroquia do Temple, Cambre. Expediente de actividade: 04/48/95. Solicitante: JVM
1122/2020	07-08-2020	Nomeamento axente de Protección Civil interino para a execución de programas de carácter temporal
1123/2020	07-08-2020	Solicitud de adhesión ao programa Son de Bares do Concello de Cambre os días 9 e 16 de agosto de 2020
1124/2020	07-08-2020	Nomeamento provisional xefe de Policía Local en funcións
1125/2020	07-08-2020	Solicitud de de licenza parcelación de finca sita en Meixigo - Cambre de 1475 m ² en catro parcelas de 700 m, 684 m, 43 m y 48 m, sendo as dúas últimas de cesión obrigatoria ao concello
1126/2020	10-08-2020	Solicitud acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en Formigueiro, Lema. Propiedade: MCR e CGC
1127/2020	10-08-2020	Solicitud acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en Formigueiro, Lema. Propiedade: Herdeiros de JVA
1128/2020	10-08-2020	Solicitud acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en Formigueiro, Lema. Propiedade: MIR e Mdel CVC
1129/2020	10-08-2020	Solicitud acondicionamento camiños e fincas por estado de dúas parcelas sitas en Bribes Pequeno, Bribes. Propiedade: VCM
1130/2020	10-08-2020	Solicitud acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en Brandariz, Bribes. Propiedade: MDMS
1131/2020	10-08-2020	Solicitud acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en Brandariz, Bribes. Propiedade: CCZ
1132/2020	10-08-2020	Solicitud acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en Pena da Nosa Señora. Propiedad: MFR
1133/2020	10-08-2020	Solicitud acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en San Lourenzo de Meixigo, Cambre. Propiedade: CGC
1134/2020	10-08-2020	Solicitud acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita na Barcala, Cambre. Propiedade: RH, S.L.
1135/2020	10-08-2020	Solicitud acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en San Bartolomeu, Pravio con maleza e árbores próximos á edificación. Propiedade: Arcebispado de Oviedo
1136/2020	10-08-2020	Reposición legalidade urbanística por realización de obras na vivenda sita en Nebrixe, Bribes, sen presentar comunicación previa ou a licenza correspondente. Propiedade: SAR
1137/2020	10-08-2020	Ausencia de dona Patricia Maria Parcero Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, dende o día 14 ao 23 de agosto de 2020, ambos os dous incluídos
1138/2020	10-08-2020	Expedición de certificados de representante



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

1139/2020	10-08-2020	Concesión axuda vale alimentos por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: EYRL
1140/2020	11-08-2020	Cobro da 1ª quenda (13 ao 24 xullo) dos campamentos urbanos de verán
1141/2020	11-08-2020	Cobro da 2ª quenda (do 27 de xullo ao 7 de agosto) dos campamentos urbanos de verán 2020
1142/2020	11-08-2020	Convocatoria de concurso para a selección dun graduado social interino e elaboración de lista de candidatos para nomeamentos de graduados sociais interinos
1143/2020	12-08-2020	Cobro dos meses de xaneiro e febreiro das actividades educativas do curso 2019/2020
1144/2020	12-08-2020	Solicitud de acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en Fontaiña, Cambre. Propiedade: ESD
1145/2020	12-08-2020	Solicitud de acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en Muiño Vello, Pravio. Propiedade: PL, S.L.
1146/2020	12-08-2020	Solicitud de acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en Piñeiro, Cecebre. Propiedad: JFG e EFR
1147/2020	12-08-2020	Solicitud de acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita na Pena da Nosa Señora, Cambre. Propiedade: AFM.
1148/2020	12-08-2020	Solicitud de acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en Pinar, Meixigo. Propiedade: LSM
1149/2020	12-08-2020	Solicitud de acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en Peiraio, Bribes. Propiedad: MCE
1150/2020	12-08-2020	Solicitud de acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita na Rocha, Anceis. Propiedade: EMG

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos seguintes asuntos:

- Adxudicación da obra "Mellora de camiños de acceso a explotacións agropecuarias nos Picardos, Anceis. Cambre" a prol da entidade *Arias Infraestructuras, S.A.*, no prezo ofertado de 21.267,34 euros sen IVE, 25.733,48 euros IVE incluído. Expediente: 2020/C002/000100
- Comunicación á entidade *Pumbariño, S.L.*, en relación co contrato subscrito para a organización e realización da "Xuntanza do maior" a celebrar no Concello de Cambre nos meses de outubro dos anos 2019 e 2020. Expediente: 2019/C004/000016
- Adxudicación do servizo "Elaboración do Plan de acción para o clima e a enerxía sostible (PACES) do Concello de Cambre" a prol do licitador *SM Sistemas Medioambientales, S.L.*, no prezo ofertado de 7.000,00 euros sen IVE, 8.470,00 euros IVE incluído. Expediente: 2020/C002/000078

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á Xunta de Goberno Local.

A) Adxudicación da obra “Mellora de camiños de acceso a explotacións agropecuarias nos Picardos, Anceis. Cambre” a prol da entidade *Arias Infraestructuras, S.A.*, no prezo ofertado de 21.267,34 euros sen IVE, 25.733,48 euros IVE incluído. Expediente: 2020/C002/000100

Vista a proposta da Alcaldía de data 13 de agosto de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

«Con data 06/03/2020 se asina o documento denominado Proxecto correspondente á obra “Mellora de camiños de acceso a explotacións agropecuarias nos Picardos, Anceis. Cambre” elaborado pola Enxeñeira Técnica de Obras Públicas Municipal, cun orzamento de 30.025,35 € sen IVE, 36.330,67 € IVE incluído.

Con data 09/07/2020 emítase proposta-informe de necesidade de contratación asinado pola Enxeñeira Técnica e Obras Públicas Municipal, O Concelleiro Delegado da Área de Urbanismo e Obras e pola Concelleira Delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos, na que se motiva a necesidade da obra de “Mellora de camiños de acceso a explotacións agropecuarias nos Picardos, Anceis. Cambre”; debido a que os camiños incluídos neste proxecto, atópanse nun importante estado de deterioro, motivado polo importante número de vehículos que transitan por estes, polo que é necesario a súa mellora mediante o afirmado do mesmo e que ditos camiños foron seleccionados tendo en conta que dan acceso a maior número de instalacións agropecuarias, todo isto, de conformidade coa resolución do 19 de decembro de 2019, publicada no DOG o día 10 de febreiro de 2020, resolución pola que se aprobou o Plan Marco: Mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2020-2021, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), ao abeiro do PDR de Galicia 2014-2020.

Tendo en conta que o concello non dispón dos medios técnicos e humanos necesarios para a execución dos traballos obxecto da contratación, considérase necesaria a contratación dunha empresa externa para a súa realización.

Con data 16/07/2020 emítase documento de “Retención de crédito” pola Intervención municipal no que consta a consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 454 61900.

O órgano competente para a autorización e aprobación do gasto, e para a adxudicación do expediente, é a Xunta de Goberno Local (segundo Resolución da Alcaldía nº 1324/2019 do 1 de xullo de delegación de atribucións a prol da Xunta de Goberno Local).

Con data 27/07/2020 emítase informe polo Enxeñeiro de Camiños Municipal no que consta que foron invitadas as seguintes empresas:

- Construcciones Lopez Cao, S.L.
- Arias Infraestructuras, S.A.
- Construcciones Ponciano Nieto, S.L.
- Canarga, S.L.

e que presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
Construcciones Lopez Cao, S.L.	21.844,76 €	26.480,56 €
Arias Infraestructuras, S.A.	21.267,34 €	25.733,48 €
Construcciones Ponciano Nieto, S.L.	23.182,57 €	28.050,91 €
Canarga, S.L.	25.553,72 €	28.500,00 €

formulando proposta de adjudicación da obra “Mellora de camiños de acceso a explotacións agropecuarias nos Picardos, Anceis. Cambre”, á entidade Arias Infraestructuras, S.A., con NIF A1500...., e domicilio no Paseo de Ronda, 24, 15011 A Coruña, no prezo ofertado de 21.267,34 € sen IVE, 25.733,48 €IVE incluído, por ser a licitadora que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola secretaria xeral de data 10 de agosto de 2020, e mailo informe de fiscalización nº 226/2020 emitido polo interventor da Corporación con data do 13 de agosto de 2020.

Tendo en conta que por decreto de Alcaldía, número 975/2020 do 13 de xullo do 2020, advoquei a delegación das competencias delegadas á Concelleira de Economía, Facenda e Recursos Humanos, por ausencia do 10 ao 14 de agosto actual, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar o documento denominado Proxecto correspondente á obra “Mellora de camiños de acceso a explotacións agropecuarias nos Picardos, Anceis. Cambre” asinado pola Enxeñeira Técnica de Obras Públicas Municipal, cun orzamento de 30.025,35 € sen IVE, 36.330,67 € IVE incluído, así como o documento denominado “Proposta –informe de necesidade”, asinado pola Enxeñeira Técnica e Obras Públicas Municipal, O Concelleiro Delegado da Área de Urbanismo e Obras e pola Concelleira Delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos, no que queda motivada a necesidade do contrato e que non se esta alterando o obxecto co fin de evitar a aplicación da umbral descrita no artigo 118.1 da LCSP respecto aos contratos menores.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 454 61900

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2020/C002/000100, da obra de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Adjudicar o contrato para a obra “Mellora de camiños de acceso a explotacións agropecuarias nos Picardos, Anceis. Cambre”, á entidade Arias Infraestructuras, S.A., con NIF A1500...., e domicilio no Paseo de Ronda, 24, 15011 A Coruña, no prezo ofertado de 21.267,34 € sen IVE, 25.733,48 € IVE incluído, por ser a licitadora que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: Designar como responsable do contrato á Enxeñeira Técnica de Obras Municipais, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: Notifíquese á Enxeñeira Técnica de Obras Municipal, responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Oitavo: Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnaló directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

B) Comunicación á entidade *Pumbariño, S.L.*, en relación co contrato suscrito para a organización e realización da “*Xuntanza do maior*” a celebrar no Concello de Cambre nos meses de outubro dos anos 2019 e 2020. Expediente: 2019/C004/000016

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Benestar Social de data 13 de agosto de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

«A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 23 de xuño de 2020, acordou incoar expediente para a resolución do contrato suscrito coa empresa “*Pumbariño, S.L.*”, adxudicataria do expediente de contratación incoado co nº 2019/C004/000016 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado abreviado (cun único criterio de adxudicación, factor prezo), do servizo de “Organización e realización da *Xuntanza do Maior* a celebrar no Concello de Cambre nos meses de outubro dos anos 2019 e 2020”.

Concedida audiencia ao contratista polo prazo de dez días naturais, e presentadas alegacións, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 4 de agosto de 2020, acordou rexeitar a alegación presentada, dando traslado ao Consello Consultivo de Galicia para emisión de informe, isto de conformidade co establecido no artigo 191.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público e artigos 11 e 12 g) da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia.

Tendo en conta que segundo a cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares “*O prazo de execución do presente contrato fíxase en dous anos, correspondente á organización do servizo para os anos 2019 e 2020, realizándose a ‘Xuntanza do Maior’ o primeiro domingo do mes de outubro de cada ano (6 de outubro de 2019 e 4 de outubro de 2020)*”, polo que a empresa debería prestar o servizo o vindeiro 4 de outubro de 2020.

Tendo en conta que os prazos na tramitación do procedemento de resolución do contrato poden dar lugar a que o acordo polo que se resolva o procedemento se adopte con posterioridade ao 6 de outubro de 2020.

Tendo en conta que a evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 tense ido agravando, prevíndose incluso un repunte maior para finais de setembro-principios de outubro, e tendo en conta que tal e como se establece na cláusula 3 do prego de cláusulas administrativas particulares, o obxecto do contrato é a prestación dun servizo dirixido a 750 comensais, 700 deles incluídos dentro do colectivo da terceira idade do Concello de Cambre, a situación na que nos atopamos fai inviable que se puidera prestar o servizo o 6 de outubro de 2020, aínda no suposto de non poder adoptarse o acordo de resolución do contrato con anterioridade á dita data.

Tendo en conta canto antecede, fórmase a seguinte proposta para a Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación en función da delegación efectuada por Resolución da Alcaldía número 1324/2019, do 1 de xullo:

Comunicar á empresa “Pumbariño, S.L.”, adxudicataria do expediente de contratación incoado co nº 2019/C004/000016 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado abreviado (cun único criterio de adxudicación, factor prezo), do servizo de “Organización e realización da *Xuntanza do Maior* a celebrar no Concello de Cambre nos meses de outubro dos anos 2019 e 2020” que, aínda cando como consecuencia dos prazos legalmente establecidos non se poida adoptar, no seu caso, o acordo definitivo de resolución do contrato antes do 6 de outubro de 2020, como consecuencia da situación de feito derivada do COVID-19 na que nos atopamos e o colectivo ao que vai dirixido o servizo segundo consta no obxecto do contrato (cláusula 3 do prego de cláusulas administrativas particulares), o contrato perdeu a súa finalidade.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

C) Adxudicación do servizo “Elaboración do Plan de acción para o clima e a enerxía sostible (PACES) do Concello de Cambre” a prol do licitador *SM Sistemas Medioambientales, S.L.*, no prezo ofertado de 7.000,00 euros sen IVE, 8.470,00 euros IVE incluído. Expediente: 2020/C002/000078

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 18 de agosto de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

«O Pleno do Concello de Cambre, en sesión ordinaria do 28 de febreiro de 2019 adheriuse, en calidade de asinante, ao Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía Sostible (redenominado “Pacto das ALCALDÍAS”, tal e como foi proposto no último Encontro Nacional do Pacto dos Alcaldes celebrado o pasado 17 de Outubro en Málaga, e que a Comisión Europea ha aceptado substituír co fin de sumarse ao movemento pola igualdade de xénero). Con iso comprométese a actuar para alcanzar o obxectivo da Unión Europea, consistente basicamente en reducir as emisións de CO2 no seu territorio en polo menos un 40 % para o ano 2030 a través da mellora da eficiencia enerxética e dun maior uso de fontes de enerxía renovable, e aumentar a súa resiliencia mediante a adaptación ás repercusións do cambio climático.

Para alcanzar estes obxectivos, o Concello comprométese, entre outras cuestións, a presentar un “Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sostible” (en diante PACES) nun prazo de dous anos a partir da data de adhesión ao Pacto, isto é, antes do 28 de febreiro de 2021. Ante a elevada carga de traballo dos técnicos municipais da área e a proximidade do prazo para a entrega do PACES faise imprescindible a contratación dun servizo de asistencia técnica para a elaboración deste plan. Para cumprir co compromiso adquirido polo concello e poder continuar formando parte do Pacto das Alcaldías para o Clima e a Enerxía Sostible e desta forma, manter o compromiso do concello co medio ambiente, faise imprescindible presentar antes do 28 de febreiro do 2021 o PACES, documento que debe cumprir co establecido na “Guía para a presentación de informes do Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía - Reporting guidelines (é)” (<https://www.pactodelosalcaldes.eu/apoyo/biblioteca.html>), elaborada polas Oficinas do Pacto dos Alcaldes

(COMO), da iniciativa Mayors Adapt e do Centro Común de Investigación da Comisión Europea (CCI), publicada en 2016, o que implica redactar os seguintes documentos técnicos que forman o contido mínimo do PACES: - Estratexia (incluíranse as accións de participación das partes interesadas e dos cidadáns, requiridas neste documento). - Inventario de emisións de referencia. - Riscos e vulnerabilidades. - Accións de mitigación.

Con data 22/04/2020 emítese proposta-informe de necesidade de contratación, asinado polo enxeñeiro de camiños municipal, o concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras e pola concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, motivado na necesidade de cumprir cos obxectivos do Pacto das Alcaldías para o clima e a enerxía sostible, isto de conformidade co establecido no artigo 118 da LCSP .

Con data 20/05/2020 emítese informe pola Intervención municipal no que consta a consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 1721.22706 (estudos e traballos técnicos protección medio ambiente)

Con data 22/06/2020 elaborouse polo enxeñeiro de camiños municipal don Óscar Souto Muíño o prego de prescricións técnicas para contratar o servizo de Elaboración do Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sostible (PACES) do concello de Cambre, cun orzamento de 9.090,91 €, sen IVE, 11.000,00 €, IVE incluído.

Con data 22/06/2020 dítese Providencia polo concelleiro-delegado de Urbanismo e Obras na que, tendo en conta que, aínda cando no presente expediente cumprírase con remitir invitacións a 3 empresas, e dados os antecedentes e entidade do obxecto da contratación, considera conveniente dar a máxima publicidade a través do perfil do contratante integrado na plataforma de contratación do sector público, para que poidan participar e concorrer neste procedemento o maior número posible de contratistas, polo que resolve solicitar á concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos para que dea orde ao departamento de Secretaría/contratación co fin de que se proceda á publicación dun anuncio no Perfil do Contratante do concello de Cambre da Plataforma de contratación do Sector Público do Estado, no que se concedan 5 días para a presentación de ofertas desde a súa publicación.

Coa mesma data do 22/06/2020 emítese Providencia da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos consonte á petición formulada, publicándose o correspondente anuncio de licitación no Perfil de Contratante- plataforma de Contratación do Sector Público con data do 23 de xuño seguinte.

Rematado o prazo de presentación de proposicións, preséntase a través da Plataforma de Contratación do sector Público as ofertas dos seguintes licitadores:

- Análises Territoriais Galegas, SL
- Ecoterraes Global Solutions SL
- Eficiencia Energética de Galicia SLU
- GAIA ambiente Environmental Consulting SLL
- I2C Inspecciones
- Marta María Pérez Martínez. auQas
- Novotec Consultores SA
- SM Sistemas Medioambientales SL
- Taller de Ingeniería MYL SLP

Con datas dos días 21 e 28 de xullo emítense sendos informes polo enxeñeiro de camiños municipal, nos que se valoran os criterios avaliábeis mediante xuízos de valor e mediante fórmulas, co seguinte resultado:

Puntuación criterios xuízos valor :



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

SOBRE B	Metodología de trabajo Máx 20 pts	Plan de comunicación y participación Máx 15 pts	Cronograma Máx 5 pts	Actuación medioambiental Máx 5 pts	TOTAL SOBRE B MÁX 45 pts
Análises Territoriais Galegas, SL	8,00	12,20	3,00	0,00	23,20
Ecoterraes Global Solutions SL	15,20	10,60	3,00	1,00	29,80
Eficiencia Energética de Galicia SLU	4,80	4,00	1,00	1,00	10,80
GAIAambiente Environmental Consulting SLL	8,00	4,00	3,00	1,50	16,50
Gesteco/i2C Inspecciones SL	6,40	9,60	1,00	4,50	21,50
Marta María Pérez Martínez. auQas	9,60	3,80	3,00	4,50	20,90
Novotec Consultores SA	20,00	12,60	5,00	4,00	41,60
SM Sistemas Medioambientales SL	13,60	9,20	5,00	3,00	30,80
Taller de Ingeniería MYL SLP	5,60	3,60	1,00	1,00	11,20

Puntuación criterios avaliables mediante fórmulas:

Empresas	Puntuación Oferta Económica (Máx 25)	Puntuación Equipo Técnico (Máx 30)	Puntuación Sobre C (máx 55)
Análises Territoriais Galegas, SL	21,63	15	36,63
Ecoterraes Global Solutions SL	22,09	30	52,09
Eficiencia Energética de Galicia SLU	19,25	15	34,25
GAIAambiente Environmental Consulting SLL	22,44	17	39,44
Gesteco/i2C Inspecciones SL	22,01	20	42,01
Marta María Pérez Martínez. auQas	21,88	7	28,88
Novotec Consultores SA	23,37	20	43,37
SM Sistemas Medioambientales SL	25,00	30	55,00
Taller de Ingeniería MYL SLP	23,33	20	43,33

Puntuacións totais:



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Empresas	Puntuación Sobre B (máx 45)	Puntuación Sobre C (máx 55)	Total Sobre B + Sobre C (100 pts)
Análises Territoriais Galegas, SL	23,20	36,63	59,83
Ecoterraes Global Solutions SL	29,80	52,09	81,89
Eficiencia Energética de Galicia SLU	10,80	34,25	45,05
GAIAambiente Environmental Consulting SLL	16,50	39,44	55,94
Gesteco/i2C Inspecciones SL	21,50	42,01	63,51
Marta María Pérez Martínez. auQas	20,90	28,88	49,78
Novotec Consultores SA	41,60	43,37	84,97
SM Sistemas Medioambientales SL	30,80	55,00	85,80
Taller de Ingeniería MYL SLP	11,20	43,33	54,53

formulando proposta de adjudicación a prol da empresa SM Sistemas Medioambientales, S.L., con NIF ****1810 e domicilio en rúa Paseo San Juan 183-185, entresollado 3º, 08037 Barcelona, no prezo ofertado de 7.000,00 € sen IVE, 8.470,00 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo aos criterios de valoración, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola secretaria xeral de data 07 de agosto de 2020, e mailo informe de fiscalización nº JUA 230/2020 emitido polo interventor da Corporación con data do 14 de agosto de 2020.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares elaborado polo enxeñeiro de camiños municipal don Óscar Souto Muíño para contratar o servizo de Elaboración do Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sostible (PACES) do Concello de Cambre, cun orzamento de 9.090,91 €, sen IVE, 11.000,00 €, IVE incluído, así como a necesidade da contratación.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 2020 1721.22706

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2020/C002/000078, do servizo de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do

sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Adxudicar o contrato para execución do servizo de Elaboración do Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sostible (PACES) do Concello de Cambre , a prol da empresa SM Sistemas Medioambientales, S.L., con NIF *****1810 e domicilio en rúa Paseo San Juan 183-185, entresollado 3º, 08037 Barcelona, no prezo ofertado de 7.000,00 € sen IVE, 8.470,00 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo aos criterios de valoración, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

A orde decrecente de clasificación das ofertas admitidas, en función dos criterios de valoración establecidos no Prego de prescricións técnicas particulares foi a seguinte :

1º.- SM Sistemas Medioambientales , S.L.	85,80 puntos
2º.- Novotec Consultores,S.A.	84,97 puntos
3º.- Ecoterraes Global Solutions, S.L.	81,89 puntos
4º.- Gesteco/i2 C Inspecciones , S.L	63,51 puntos
5º.- Análises Territoriais Galegas, S.L.	59,83 puntos
6º.- Gaia Ambiente Environmetal Consulting S.L.	55,94 puntos
7º.-Taller de Ingeniería MYL S.L.P.	54,53 puntos
8º.- Eficiencia Energética de Galicia S.L.U.	45,05 puntos
9º.- Marta Mª Pérez Martínez	49,78 puntos

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: Designar como responsable do contrato ao enxeñeiro de camiños , canles e portos municipal, don Óscar Souto Muíño, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: Notifíquese ao responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Oitavo: Notificar o presente acordo aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.»



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e quince minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria accidental

Verónica María Otero López